

PROXECTO DE EDUCACIÓN FAMILIAR

DESCRIBIÓN DO CONTIDO DO PROGRAMA

A Educación Familiar ten coma fin último fortalecer e mellorar as relacións familiares, a solución de problemas e a toma de decisións, ademais de previr e desenvolver os recursos individuais. Dende Acción Familiar Ferrol (AFA Ferrol) pretendemos potenciar o benestar das persoas e por extensión, da familia no seu conxunto. Ofrecemos a oportunidade de xerar vínculos afectivos saudables e recuperar ou mellorar as relacións familiares, axudando a cada un dos membros do núcleo familiar, tanto individual coma conxuntamente.

A intervención realízase dende tres puntos de vista distintos:

1. **Nivel educativo (función preventiva):** neste nivel a tarefa consistirá en impartir obradoiros *on-line* (*webinars*) para proporcionar formación adaptada aos pais, nais ou titores e adolescentes, co fin de promover a axuda e as ferramentas necesarias para desenvolver de maneira eficaz a súa función educativa.
2. Nivel de orientación (función compensatoria): A cargo de AFA Ferrol.
3. Nivel terapéutico (función remedial e de cambio): A cargo de AFA Ferrol.

OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL:

- Mellorar a calidade de vida das persoas de maneira individual no seo familiar e da familia como grupo integrado dentro doutros grupos sociais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS A NIVEL EDUCACIONAL

- Mellorar a intelixencia emocional promovendo a responsabilidade parental mediante o aprendizaxe de estilos de vida saudables e eficaces.
- Proporcionar coñecementos que permitan a expresión de emocións e a empatía cos outros.
- Traballar o desenvolvemento de habilidades emocionais vinculadas ás pautas de crianza positivas.
- Coñecer as distintas etapas psico-evolutivas dos menores e como potenciar o seu óptimo desenvolvemento.
- Fomentar a escoita activa e a empatía como medio para mellorar a comunicación.
- Potenciar a asertividade e a autoestima para afrontar os diversos retos da vida familiar, persoal, laboral e social.
- Coñecer e utilizar adecuadamente as novas tecnoloxías.
- Aprender a utilizar o tempo de lecer como oportunidade de desenvolvemento persoal e espazo de relación conxunta.
- Favorecer a diminución de conflitos nas relacións interpersoais.
- Realizar un seguimento que permita avaliar a eficacia da atención realizada.

ACTIVIDADES

Nivel educativo: este nivel está relacionado coa función de prevención de condutas nocivas para a persoa e o entorno familiar. Para elo consideramos imprescindible a facilitación de **seminarios on-line (webinars)** para pais e nais ou titores e para adolescentes, de tal maneira que traballen sobre temas relacionados coa educación dos seus fillos e fillas, o fomento da autoestima e a xeración de relacións sociais saudables. A persoa encargada de realizar a coordinación dos obradoiros será a Coordinadora de Cursos Formativos, e os obradoiros serán impartidos por persoas contratadas para facilitalos.